

INTRODUCCIÓN

Falar de Prisciliano é falar dunha realidade *histórica* e dunha realidade *mítica*; ambas son *reais* e importantes para Galiza e os galegos. É importante coñecer a realidade histórica do noso pasado para comprender o noso presente. Pero é unha presunción do pensamento occidental-europeo-contemporáneo crer que só é *real* o que é histórico, como repite Raimon Panikkar falando do *mito* –occidental- *da historia*, como *única* maneira de achegarse ao real¹. Se importante é saber quen foi *historicamente* Prisciliano -ata onde a ciencia historiográfica nos poida informar-, tamén o é saber o que a súa *memoria mítica* supuxo ao longo dos séculos e supón para os galegos de hoxe, pois onte coma hoxe os pobos necesitan dos mitos tanto como das realidades históricas. Máis aínda, os pobos non poden existir sen os mitos; mitos que medran co paso dos anos, como Castelao e outros persoeiros da historia galega. “Pobre do pobo que esqueza ou mate os seus mitos”, lembraba sabiamente Barreiro Fernández desde o balcón da Academia Galega con ocasión do centenario da morte de Curros. Verbo de Prisciliano ¿teremos que seguir laiándonos con Castelao de que a conciencia galega se deixara vencer pola “intransixencia ibera” e xa non teñamos azos para reivindicarmos a súa memoria?

Ao falar de Prisciliano compre ter en conta unha importante distinción que fixo alguén tan autorizado coma o patrólogo e bispo galego Uxío Romero Pose: hai un Prisciliano *oficial* e outro *real*. E “é de sospeitar que chegue a nós o Prisciliano *oficial* – di- pero non o *real*, o Prisciliano do *xénero literario* do *herexe*”². Xosé Chao Rego recolle a mesma sospeita e engade que ao chegar a nós soamente o Prisciliano *oficial*, cómprenos facer o camiño “da caricatura ao retrato”, convencidos de que “Galicia precisa do rescate de Prisciliano”³. Nembargantes, sen deixar de ter en conta a imaxe oficial e *real* de Prisciliano, conscientes da importancia dos mitos na construción das identidades dos pobos, interésanos salientar nestas páxinas outra dimensión de Prisciliano: o *mítico*. Desde unha perspectiva distinta á nosa, Fernando Sánchez Dragó dixo unha gran verdade na lección inaugural dun memorable curso da Universidade Menéndez Pelayo sobre Prisciliano: “A súa inextinguible actualidade convérteo en persoeiro, *símbolo* ou *numen*, apto para bandeira e consigna”⁴. Moitos cremos que Prisciliano foi un mito mobilizador nas orixes da cultura galega, e pode volver selo na Galiza actual. Non importa para isto que Prisciliano non fora “o derradeiro druída”, como dixo Murguía, aínda que amara afervoadamente a natureza e gustara rezar nos bosques. Tampouco importa que nacera ou non nacera en territorio galego, senón que pacera e alindara o rabaño galaico. Porque tampouco outros nacemos en territorio galego e, sen embargo, botamos a nosa vida aprendendo a ser bos e xenerosos galegos, traballando en Galiza e tentando facelo con tódalas nosas forzas a prol de Galiza, pobo que amamos e do que nos sentimos intimamente formando parte, porque forma parte da nosa identidade persoal.

É importante coñecer *o feito en si*, pero non o é menos coñecer como é vivido, a súa *vivencia*; sobre todo a vivencia colectiva do pobo. No caso de Prisciliano, o que nos

¹ Cf. para o tema, con abundantes referencias V. Pérez Prieto, “El mito de la historia”, *Más allá de la fragmentación de la teología, el saber y la vida: Raimon Panikkar*, Valencia 2008, 218-220.

² U. Romero Pose, “Priscilián: historia e ficción”, *A Trabe de ouro*, 26 (1996), 171.

³ Cf. X. Chao Rego, *Prisciliano, profeta contra o poder*, Vigo 1999, 12.

⁴ F. Sánchez Dragó, “Prisciliano entendido como *opera aperta*”, curso da Universidade Menéndez Pelayo en Pontevedra (1981), *Prisciliano y el priscilianismo. Cuadernos del Norte*, Oviedo 1982, 7.

importa aquí é descubrir, ademais do seu proxecto renovador de Igrexa desde as raíces evanxélicas da pobreza, a austeridade e a igualdade, o que representou para a Galiza e os galegos, como xerme da creación literaria, cultural e identitaria galega, como mobilizador de enerxías xenerosas a prol da nosa terra.

Da importancia dos mitos e os símbolos no pensamento, na realidade antropolóxica identitaria, na historia dos pobos e nas relixións, tense escrito moito nas últimas décadas para recuperar o seu sentido xenuíno, máis aló dunha interpretación pexorativa deste como sinónimo dunha crenza estendida pero falsa. “O símbolo dá que pensar”, escribe Paul Ricoeur na súa obra máis coñecida⁵; para o gran pensador francés, o símbolo e o mito *dan que pensar* porque invitan a reflexionar sobre a realidade en profundidade; cuestionan a visión desta realidade máis aló da perspectiva plana que nos dá o feito de quedármonos no puro dato presuntamente obxectivo.

Máis aínda, nos discursos dos pobos é máis importante a dimensión do *símbolo*, polisémica, que a do *signo*, racional e monosémica, na que se moven a ciencia e o poder. O pobo -aínda que non o exprese con estas palabras- sabe que “a polisemia é a grande arma coa que disolver as categorías oficiais e loitar pola liberdade que se lle nega”, di acertadamente o filósofo Xosé Luís Barreiro; por iso, “dicir que un pensamento opta polo sógnico ou polo simbólico... implica que se posiciona dunha determinada maneira fronte ao poder”. Prisciliano pode ser unha figura representativa deste discurso do pobo contra o discurso do poder⁶. As culturas premodernas souberon facer convivir estas dúas dimensións; por iso, símbolo e signo camiñan xuntos, enriquecéndose mutuamente, aínda que as veces estiveran enfrontados.

A fenomenoloxía da relixión afirma hoxe que o mito “leva ata os confíns dos homes e dos deuses”; por iso, os mitos posúen unha importancia fundamental na historia humana, aínda que foran descualificados moitas veces polo pensamento racionalista contemporáneo como *fábulas* ou ficcións⁷. En particular, o gran fenomenólogo das relixións Mircea Eliade, que reflexionou amplamente sobre o valor do mito, manifesta que non se trata dunha ficción ou unha *fábula* no sentido occidental, senón unha “historia verdadeira... de *inapreciable valor... exemplar e significativa*”; unha historia que ten “vida” porque “proporciona modelos de conduta humana e confire significación e valor á existencia”⁸.

Raimon Panikkar insiste sabiamente na necesidade dun reencontro entre o *logos* e o *mythos*, entre investigación/pensamento racional-científico e *espírito que voa libremente*, rompendo todos os esquemas mentais ríxidos para abrírnos a un presente máis pleno. Porque *logos* e *mythos* van necesariamente xuntos; aínda que a súa relación “non é dialéctica nin mítica; é máis ben unha relación que *constitúe* aos dous”; por iso, “non hai *logos* sen *mythos* e non hai *mythos* sen *logos*”⁹. O reencontro entre o pensamento racional-científico e o mito é necesario para non caer nin na antiga submisión precientífica ao mito, nin na submisión do mito ao *logos*, que leva ao “*logomonismo*” actual, como di R. Panikkar. Porque “a realidade non se nos dá como *logos*, senón que se nos ofrece como *mythos*, como aquel horizonte no que colocamos ata a nosa propia idea do mundo... O noso mundo dáenos no *mythos*, e ese mundo,

⁵ P. Ricoeur, *Finitude et culpabilité* II, Aubier, Paris 1960; traducción española en Taurus (Madrid 1982) e, máis recentemente, en Trotta.

⁶ X.L. Barreiro Barreiro, *Pensar en Galicia. Identidade na diferenza*, Sada-A Coruña 2001, 176-177, 119.

⁷ J. Vidal, “Mito”, *Diccionario de las Religiones*, P. Poupard (dir.), Barcelona 1987.

⁸ M. Eliade, *Mito y realidad*, Madrid 1973, 13-14. Cf. tamén *Aspectos del mito*, Barcelona 2000.

⁹ R. Panikkar, “Autobiografía intelectual. La filosofía como estilo de vida”, *Anthropos* (1985); *Invitación a la sabiduría*, Madrid 1999. Cf. o meu libro cit. *Más allá de la fragmentación de la teología, el saber y la vida*: Raimon Panikkar.

igualmente noso, é descuberto polo *logos*”¹⁰. O mito é así unha forma de sabedoría, unha forma de conciencia *sui generis*, diferente do *logos*, pero que pode chegar a ser “transparente como a luz”, como expresa Panikkar noutro lugar¹¹.

Posiblemente, só poidamos chegar á realidade máis íntima de Prisciliano e o priscilianismo indo alén do dato histórico e afondando na súa vertente mítica. Isto non é cousa doada; pero podemos tentar ver o seu eco na cultura galega: na cultura escrita e, o que resulta moito menos doado, na pegada popular, no “sentimento telúrico de galeguidade”, que di Xosé Chao¹²; aínda que este non sexa formulado polo pobo, e sexa discutido hoxe por algúns, coidamos que isto é unha realidade existente.

Non deixamos de ter presente, que parte do grandísimo eco de Prisciliano na actualidade débese á volta das relixións naturais, a moda da New Age, etc. Pero Prisciliano é moito máis que iso, e espero que este libro axude a confirmalo. Falar del é falar á vez dunha figura carismática capaz de mobilizar multitudes, un “mártir apócrifo” canonizado polo pobo, un teólogo xenial moito tempo descualificado como herexe e logo rehabilitado e valorado como reformador da Igrexa, un “profeta contra o poder”... pero tamén un símbolo e aínda *un mito necesario* para Galiza. Un mito rompedor, innovador e, por iso, controvertido; como veremos polos datos cos que tentaremos reconstruír a súa historia e pola interpretación literaria e mítica que se ten feito del. Resultan significativas as palabras autorizadas de Uxío Romero Pose: “Prisciliano é sen dúbida, *un dos persoeiros máis controvertidos* –se non o que máis- da historia relixiosa e social da fin do mundo antigo”¹³. “O priscilianismo á sombra de Prisciliano erixiuse como *a convulsión máis forte* que coñeceu a igrexa occidental na época patrística”¹⁴.

Para Henry Chadwik, profesor en Oxford e unha das meirandes autoridades en historia relixiosa e teolóxica antiga, autor dun dos traballos máis reputados sobre Prisciliano, este é tamén “das [figuras] máis misteriosas e apaixonantes dos primeiros séculos do cristianismo... con raíces particularmente fondas na Galiza”¹⁵. E Jacques Fontaine di que o priscilianismo “é o *fenómeno máis orixinal e potente* da vitalidade do cristianismo hispánico nestes séculos”¹⁶. Prisciliano é, pois, unha figura central do fenómeno cristián, como di un dos últimos estudosos seus:

“Son pocos los grandes nombres de la cristiandad antigua que han suscitado, entre sus estudiosos, tanta polémica como Prisciliano, una figura central del fenómeno cristiano - no sólo hispano- del período teodosiano y paradigma de los aspectos socio-políticos y mentales que caracterizan y definen su época”¹⁷.

Pero son os galegos Otero Pedrayo, Castelao e Portela Valladares os que fan as afirmacións máis rotundas sobre Prisciliano. Para o primeiro, é a figura máis senlleira da historia galega: “Poderosa individualidade, a maior se cadra que Galiza xerou e probablemente a máis impresionante”¹⁸. Para Castelao é un dos símbolos meirandes de

¹⁰ R. Panikkar, *Pensamiento científico y pensamiento cristiano*, Madrid 1994, 35.

¹¹ R. Panikkar, *Mito, fede ed ermeneutica. Il triplice velo della realtà*, Milano 2000, 20-21.

¹² X. Chao Rego, *op. cit.* 269

¹³ U. Romero Pose, “Prisciliano”, *Gran Enciclopedia Gallega*.

¹⁴ U. Romero Pose, “Cristianismo e priscilianismo”, en J. L. Barreiro *O pensamento galego na historia*, Santiago 1992, 57.

¹⁵ H. Chadwick, *Prisciliano de Avila. Ocultismo y poderes carismáticos en la Iglesia primitiva*, Madrid 1978.

¹⁶ J. Fontaine, “Panorama espiritual del Occidente peninsular en los siglos IV y V. Por una nueva problemática del priscilianismo”, *Primera reunión gallega de Estudios Clásicos*, Santiago 1981, 209.

¹⁷ J. Vilella, “Un obispo-pastor de la época teodosiana: Prisciliano”, *Studia Ephemeridis Augustinianum* 58/2 (1997), 503-530.

¹⁸ R. Otero Pedrayo, *Ensaio histórico sobre a cultura galega*, Vigo 1982, 61.

Galiza, e vai o primeiro na procesión solemne da “Santa Compañía de inmortais galegos”. Para Portela Valladares Prisciliano “resplandece como o noso Cebreiro de galegitude”¹⁹. O pensamento histórico e mítico destes grandes persoeiros galegos, han conducir particularmente o noso traballo. Manuel Lourenzo ten escrito que o drama de Prisciliano alude a “algo tan importante como o noso substrato cultural... e a súa perda a prol da uniformidade moral e ideolóxica propugnada pola Igrexa Romana, herdeira do Imperio”; é o tema dunha Galiza “eternamente traizoada, e ao mesmo tempo fértil en propostas, xenerosa en invencións”²⁰.

Antes de entrar na figura e na obra de Prisciliano, compre ter en conta que a numerosa e, con frecuencia, antagónica bibliografía existente evidencian os múltiples e variados aspectos que gravitan arredor del e as dificultades interpretativas que presentan. Uxío Romero Pose fala da “complexa e enmarañada selva de noticias literarias sobre Prisciliano”²¹. Outro dos seus estudosos de referencia, Jacques Fontaine, para quen o priscilianismo “é o *fenómeno máis orixinal e potente* da vitalidade do cristianismo hispánico nestes séculos”, fala da importancia da “idiosincrasia que volve á vez fascinantes e insolubles os problemas planteados polo *affaire Prisciliano*. Queremos dicir, o *triple obstáculo que se interpón entre nós e as realidades interiores e exteriores do priscilianismo*”; refírese ao carácter oculto de gran parte deste movemento espiritual, a “cor apaixonada e partidista” de toda a documentación antiga que se ten conservado, e a contenda entre adversarios e defensores despois do achado dos textos priscilianistas no s. XIX²².

Neste “bosque” de escritos sobre o *maledetto embroglio* de Prisciliano e o priscilianismo, ademais de acudir a textos de referencia con case cen anos, como o de E. Ch. Babut e os seus contemporáneos, necesitaremos constantemente de *procuradores*, especialistas históricos no tema, para poder camiñar con mais ou menos seguridades á hora de facer os nosos xuízos e sacar as nosas conclusións. Un texto de Eduardo López Pereira, latinista e historiador, salientable estudoso de Prisciliano e a súa obra, con quen temos unha particular débeda neste traballo, reflectía hai anos esta situación que non podemos esquecer, aínda tendo bastante clara a nosa postura ante a teoloxía e o xuízo de Prisciliano -a quen consideramos un mártir- e ante o movemento priscilianista:

“A figura de Prisciliano e os seus seguidores non deixou de ser nunca obxecto de interese e estudo desde que no século IV o bispo de Córdoba, Hixinio, denunciou o seu movemento ante o metropolitano de Mérida, Hidacio. Desde aquela, os teólogos viñeron discutindo e discuten hoxe aínda a ortodoxia ou heterodoxia das súas doutrinas... Os xuristas preguntáronse, e seguen a facelo aínda, se foi ou non foi legal o xuízo que condenou a morte ó bispo de Ávila... Historiadores e sociólogos tratan aínda de saber se aquilo foi un movemento relixioso ou social”²³.

Só me queda sinalar que a orixe deste traballo foi un relatorio para o Simposio sobre Prisciliano, organizado en Compostela pola Asociación “O Galo” en novembro do

¹⁹ M. Portela Valladares, *Unificación y diversificación de las nacionalidades. Nota sobre el priscilianismo*, Barcelona 1932, 122.

²⁰ M. Lourenzo, “Prisciliano en Vilavella”, en A. Cotarelo Valledor, *Hostia*, Santiago 1996.

²¹ U. Romero Pose, “Priscilián: historia e ficción”, *A Trabe de ouro*, 26 (1996), 168.

²² J. Fontaine, “Panorama espiritual del Occidente peninsular en los siglos IV y V. Por una nueva problemática del priscilianismo”, *Primera reunión gallega de Estudios Clásicos*, Santiago de Compostela 1981, 209 e 186.

²³ J. E. López Pereira, *O primeiro despertar cultural de Galicia*, Santiago 1989, 39.

2006²⁴, no que participaron persoeiros tan coñecidos polos seus estudos da antigüidade galega como Eduardo López Pereira, Anselmo López Carreira ou Francisco Carballo; estudiosos de Prisciliano como Xosé Chao e José Vilella Masana; e recreadores literarios da súa persoa como Millán Picouto e Ramón Chao. O meu primeiro agradecemento vai para esa Asociación e para Maria Pilar Garcia Negro –a quen tamén lle agradezo o seu xeneroso Adro- por terme invitado a ese congreso, que aguillou en min o interese polo persoeiro deste libro; interese que xa viña de vello. Tamén debo agradecer a López Pereira as súas suxerencias e correccións, así como a axuda na pescuda de material para a miña investigación; así mesmo debo agradecer neste último aspecto a colaboración de Carme Fernández Pérez-Sanjulián, Manuel Espiña, Benito Méndez, Miguel Ángel González García, Xoán Xosé Fernández Abella, François e Sophie Moreira e tantos amigos polas súas dilixentes aportacións; así como a Christina, a miña dona, polo tempo que esta investigación e este libro roubaron á nosa convivencia.

²⁴ “Prisciliano e a xeración Nós”. Cf. tamén o meu artigo “Un símbolo necesario: Prisciliano na cultura galega”, *Galegos* 1 (2008), 106-113.